

A noite branca

Páxina persoal do escritor Francisco X. Fernández Naval

MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

Publicado o **12 de Decembro de 2014**

Miguel González Garcés naceu na Coruña o 12 de xaneiro de 1916, polo que dentro dun ano e un mes, celebraremos o seu centenario, e falecía un día coma hoxe, aos 73 anos, logo dunha vida dedicada aos seus e, tamén, aos libros e á literatura, de maneira especial, á poesía, el que era amante dos libros, da casa e dos seus moradores, do amigo culto, do sorriso.. Miguel sempre estivo vinculado a súa cidade e ao seu mar. “Toda Galicia é mar”, deixou escrito, el que consideraba que “vivir sen mar era vivir apenas”.



Luciano Rodríguez sitúa a Miguel na denominada xeración de 1936, xunto con Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesias Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Díaz Castro, Xosé María Álvarez Blázquez, Eduardo Moreiras e Pura Vázquez.

Para Luciano, a súa é unha poesía de léxico rico e suxestivo, cargada de plasticidade, dunha grande efectividade rítmica, dunha grande intensidade de vivencia e grande tensionalidade poemática.

Si, na obra de Garcés alenta a paixón pola palabra. Méndez Ferrín escribiu que a súa poesía pretende producirse nunha dimensión de valor total; de expresión estética absoluta, cargada coa memoria cultural de todo o pasado literario europeo.

Xulio López Varcácel definiuno como mineiro da luz contra as tebras, engadindo que toda a obra poética de Garcés se orienta á procura da beleza, ao logro desa unidade orixinal, soberana e eterna que nos sobrevivirá porque xa nos precedeu.

Xavier Seoane, no limiar de **Un nome só na néboa**, destacaba como un dos logros presentes nese libro e en toda a obra de Garcés, a alta capacidade de percepción e expresión poética do aspecto plástico-visual da obra, con brillantes calidades perceptivas no ámbito cromático, sinestésico e captativo de formas, perfís, perspectivas e iluminación dos seres e obxectos.

Traducido ao italiano, portugués, francés e inglés, Garcés foi distinguido con importantes premios como o de Cabaleiro das Palmas Académicas, que no ano 1967 lle outorgou o goberno francés. Foi, tamén, o cronista desta cidade e, polo tanto, a súa memoria.

Invocalo hoxe, nos días que vivimos, é unha iniciativa necesaria, transcendida dun valor especial, porque el representou e representa os valores extraviados: a honradez, a honestidade, a discreción, o amor aos seus e ao traballo ben feito, a vocación de dar o mellor de si á comunidade, no seu caso materializada no proxecto da biblioteca pública que leva o seu nome e que hoxe segue a ser referencia cultural na Coruña e en Galicia.



Eu coñecino naquel congreso de Poio de 1981, cando os escritores galegos acordamos fundar a Asociación de Escritores en Lingua Galega, e podo acreditar da atención que dispensaba aos escritores novos, atención e curiosidade que, axiña, se transformaba en cariño. Pero ademais, sempre están, sempre teremos os versos, en castelán primeiro, en galego despois, algúns dignos de seren gravados a ferro no corazón, como este que

se le na composición fotográfica de Maribel Longueira situada más arriba.



Amigo de Urbano Lugrís, que ilustrou o libro **Isla de dos**, ao que pertence este debuxo de serea e home mariño, Garcés, no libro **Un nome so na néboa**, presentado o mesmo día da súa morte, interpreta poeticamente algunas das obras más sobranceiras da arte universal, entre elas o cadro *Habitación del viejo marinero*, pintado por Lugrís en 1946, ao que lle dedica estes versos:


*Sobre o mastro, o anxo da calima.
O sinuoso perfil dos hipocampos.
A túa man, negadora da lúa,
brosllaba o filamento sutil do vagalume.
O barco que navega de bolina.
Balea nas Sisargas.
A botella do náufrago.
O vento acouga en mans das fondas algas.
E as anduriñas cruzan abismos submariños.
Gris de brétema.
Azul.
Patinir.
Crebados sinos nas cidades irtas.
Sempre buscándote nas illas inventadas.
Pola area, deitado, un catalexo.
Tamén a volvoreta cravada con puñal quizais que voe.
Racha o azul o pailebote branco.
Esbara a estrela polo gume dun pecio.
Azul.
Santa Trahamunda ven de Córdoba entre palmas
montada nun milagre.
Rosa dos ventos, medusas e cercellas.*

O leme e o roncel.

E a ala

Galopan as marés sen esporas nen bridas
por prados florecidos de actinias e madréporas.

Azul.



Hoxe, na biblioteca que leva seu nome, xuntámonos moitos para celebralo.

[MiguelGonzalezGarces_RecitalHomenaxe25Cabodano](#)

**ACTO LITERARIO EN LEMBRANZA DE MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS
NO 25 CABODANO**

VENRES 12 DE DECEMBRO | 19:45
SALÓN DE ACTOS DA BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

RECITAL POÉTICO-MUSICAL EN LEMBRANZA DO ESCRITOR MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS
O DÍA NO QUE SE CONMEMORA O VINTECINCO CABODANO DO SEU PASAMENTO

"UN HOME É POR SEMPRE UNHA FROL DE ESPERANZA."

PARTICIPAN

Luz Pozo Garza | Xulio López Varcácel | Lino Braxe | Olga Patiño
| Miguel Mato Fondo | Estíbaliz Espinosa | Manuel Rivas | Miguel Anxo Fernán-Vello | Ánxel Pérez | Xavier Seoane | Manuel Álvarez Torneiro

MÚSICA

CESAR MORÁN | XOSÉ TABOADA

INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA AELG, CESÁREO SÁNCHEZ IGLESIAS

PRESENTADOR

FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL

COLABORA

BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS



ORGANIZA

 asociación de
escritores
en lingua galega

Esta entrada foi publicada en [Amigos](#) , [Artigos](#) , [Poesía](#) e etiquetada [AELG](#) , [Ánxel Pérez](#) , [Cesáreo Sánchez Iglesias](#) , [Estíbaliz Espinosa](#) , [Lino Braxe](#) , [Luciano Rodríguez](#) , [Luz Pozo Garza](#) , [Manuel Álvarez Torneiro](#) , [Manuel Rivas](#) , [Miguel Anxo Fernán Vello](#) , [Miguel González Garcés](#) , [Miguel Mato Fondo](#) , [Olga Patiño](#) , [Un nome só na néboa](#) , [Urbano Lugrís](#) , [Xavier Seoane](#) , [Xulio López Varcácel](#) por fernandeznaval . Marca a ligazón permanente [http://fernandeznaval.blogaliza.org/2014/12/12/miguel-gonzalez-garces/] .